REAL ACADEMIA GALLEGA
COLLIGIT EXPURGAT

Nº 475

RECORDOS D'UN VELLO GAITEIRO

MONOGOLO EN VERSO GALLEGO

ORIXINAL DE

ALFREDO NAN DE ALLARIZ

...lrede p'ra festa que á "Sociedade de Beneficencia de Na-
...e Galicia," celebrou n-o Teatro Nacional d'Habana,
...e de Santiago de 1904, é representado por seu autor

3.ª Edición

REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
E 1516
Biblioteca

A la Real Academia Gallega,
su mienbro más humilde
A. Noa de Allariz

Coruña
1909

RECORDOS D'UN VELLO GAITEIRO

MONOLOGO EN VERSO GALLEGO

RECORDOS D'UN VELLO GAITEIRO

MONOLOGO EN VERSO GALLEGO

ORIXINAL DE

ALFREDO NAN DE ALLARIZ

escribido adrede p'ra festa que á "Sociedade de Beneficencia de Naturales de Galicia," celebrou n-o Teatro Nacional d'Habana, á noite de Santiago de 1904, é representado por seu autor

---

IMP. FERRER CORUÑA

3.ª Edición

ES PROPIEDAD DEL AUTOR

FOTOGRABADO É IMPRENTA DE FERRER: CORUÑA

RECORDOS D'UN VELLO GAITEIRO

(Sae o personaxe c'o traxe típico, tocando n'gaita.)

Boas noites, siñores, boas noites;
eiqui estou; cheguei
Tiña medo non dar c'o teatro
mais non m'aquivoco, iste debe ser.
Pro... atópovos ademirados....
¿perguntades cicais quén son eu?
Pois eu son o famoso tio Marcos,
un vello gaiteiro que ha tempo morreu.
Sono eterno eu dormia fai anos
do meu cimenteiro metido n'a cova,
é cansado de estar car'arriba
pra miña direita din hoxe unha volta,
cando vexo de mín ali rentes
ô Manél de Pazos,
que de neno foi meu redobrante
e acababa de ser enterrado.
Alegreime de velo, chameino
Y-él ollando por medio da terra
—¡Ei, carafio!—berrou,—¿és tu, Marcos?
¡Nunca Dios me dera!

——

Enton un de car' ô outro
á conversar nos puxemos.
—«Que tal, que tal,—perguntoume—
¿como se pasa eiquí o tempo?
—Xa podes ver; *descansando*
hastra que chegue o momento

de que a Xuicio Final
chame o noso Padre Eterno.
¿E no mundo, que hay de novo?
—Non, do mundo non falemos:
veño d' il, é ¡abofellas!
¡veño levado do demo!
—¿E logo, pecaches moito?
—Non, non-o digo eu por eso;
ó contrario, pasei tantas,
que ganei de fixo o Ceo.
Galicia, ise pobo heróico,
que ê de virtudes modelo,
sigue sendo o pobo escravo
d' uns cantos politiqueiros
sin dinidá é sin vergonza;
pobo de caciques cheo,
pobo á quén o zumo esprimen
en todo tempo os gobernos
de Madri, con mil impostos
gabelas é fiadeiros;
pobo de quén mais eisixen
y-á quén lle conceden menos,
pobo que todos aldraxan,
pobo que non tén alentos
pra facer cos seus verdugos
xiquer un dino escarmento.
—Enton, Manél ¿que ch'estrana?
Eche o de todol-os tempos,
¡Si para burros de carga
non teñen precio os gallegos!...
Ti tês razon pra indinarte;
pro, en fin, deixemos eso.
Cóntame, ¿por qué morriches?
—Por falta de folgo.—¡Creio!
¡Ora o diaño! ¡Coma todos!
—Eu non queria ser menos.»
Calou Manél, mais, de pronto,
co'a mau n-a testa batendo
escramou,—Xa m' esquencía
d-a boa noticia que teño
que che dar; hoxe ê Santiago,
é aló n' Habana, os gallegos
fan-lle unhas festas manífecas
á noso patrón.—¿E certo?

—Como ch'o conto, Marquiños;
si hastra n-o teatro mesmo
á nosa BENEFICENCIA
dá unha función que ê un portento.
—¡Qué me contas! Pro... escoita...
¡Beneficencia!... ¿é que ê eso?
—Unha nai agarimosa
que teñen alí os gallegos;
á que leva á dolce calma
hastr-ôs mais aflictos peitos;
ê á ledicia d'os tristes,
o consolo d'os enfermos,
á que alivia os infertunios,
á que o ben derrama a éito
antr'os pobres peisaniños
que da sua patria lexos,
alcóntranse ¡mal pocados!
de disgracia é penas cheos;
ê á santa Caridade,
de virtú subrime exempo
que baixo seu manto acolle
ôs fillos do lar suevo,
en fin, á nai tenra, amante,
que teñen alí os gallegos.
¡Oh, Dios, co'a y-alma cho pide
un agradecido peito,
manda prá BENEFICENCIA
túa bendición dend'o Ceo!»

——

Ouvir mais non quixen,
co'a palabra n-a boca deixeino,
recadei á gaita
é saín correndo
—¿Onde vas?—berroume.—
—¿Que onde vou? ¿é pergúntalo, necio?
¿onde ei d'ir? â Habana,
que á festa non perdo,
é anque x'ê algo tarde,
quero ver si ô teatro inda chego.
E cruzando rios,
saltando penedos,
por montes é valles,
lixeiro, lixeiro,

corría, voaba
com'ô pensamento;
o Atlántico todo pasei n'un istante
hastra que ó fin, chego.
(Pausa)
Mais... todo perdido,
pois agora vexo
qu'eu aquivoqueime, íste n'ê o teatro,
iste ê un paradiso, ¡eu estou no Ceo!
Ou decide: ¿esas nenas formosas
que d'eiqui estou vendo
que teñen por ollos
lucentes luceiros
¿non son anxeliños?...
¡Pois merecen sêlos!
De ramiños de frores humanas
vexo os palcos cheos;
vexo caraveles
en todol'os beizos,
y-én cada meixela
unha rosa de Mayo estou vendo.
Mais, decide, ¿iste n'ê o paradiso?...
¡Merecía selo!
¡Ay, canta hermosura!
¡Ay, canto portento!
¡Ay, quen fora mozo!
¡Ay, pro... son un vello,
y-ê ilusion meu corpo,
soilo espritu teño!
Mais, ¿que ê eso? ¡ora o diaño! unha vella
morisquetas estame facendo.
¿E chúscam'o ollo?
¿O qué? ¡Non entendo!
¿Un papel me manda?
Pois bén, collereino.
A vel-ó que dice,
¡é mais trái bo cheiro!...
(Leendo)
«Xa sei que as historias qu'eiqui nos contache
todo ê pura léria;
nin ti eres tal vello, nin hay tales mortos
¡a min non m'a pegas!
Eu sei que debaixo
d'a roupa que levas,

é d'esa peluca é mais d'esas pinturas
con que á cara enfeitas,
acultase un mozo por quen eu sospiro...
é pra min quixera.
Con que, dí, mociño,
¿tí que me contestas?»
Pois que o sinto moito, mais non me ê posibre
poder compracela.
(¡Mal raxo te parta!)
(¡Que diaño de vella!)

———

Pro, en fin, d,outra cousa falando,
¿por qu' eiquí non facedes á festa
campestre, romaxe
ô estilo d'a terra
onde á sua vontade poid' esparexerse
á y-alma gallega?
Mais, xa o sei, ê certo;
porque n-a terra esta,
tan agarimosa,
tan hospitaleira,
â que todos queremos á eito,
non hay carballeiras,
nin hay chouzas que den fresca sombra,
nin regueiros que corran pé d'elas,
onde alegres se pasen as horas
de troula é merenda.
N'hay aquel campiño
d'a eigresia n-a veira
onde a mocedade
dando gusto ás pernas
pol'os ollos lles sai á alegría
y-estóupan d'orgullo beilando á muiñeira.
¡Romaxes saudosas!
¡festiñas d'aldea!
cando eu era un mociño garrido,
¡canto gocei n'elas!
Mais, os tempos pasados fuxiron,
¡quén-ôs tempos pasados volvera!...
San Benito de Coba de Lobo,
¡qué festiña aquela!
E que sona que tiña aquil santo
de curál-ás mais graves doenzas

¡qué milagreiriño
San Benito era!
A sua eigresia estaba n-a cima do outeiro,
cuasi antre penedas,
é d' un lado ô outro
furada unha d'elas,
á que d'os milagres
encerraba á virtude *ou á cencia.*
De dez legoas, ou mais, â redonda
acodían as xentes â festa;
d'entangarañados
henchíase á eigresia;
todo aquil que se hachaba baldado
facia promesa
de levarlle un regalo ô santiño
y-ó buraco pasar d-a peneda,
é si non curaba,
«ê que Dios non quere,—decian—¡pacencia!»
Xa en versos formosos aquela costume
cantou o poeta,
que en música postos foron istes dias
por un meu colega,
y-eu vou á cantárvola
aguzade á orella.

MUSICA

TANGARAÑOS

(A esta formosa poesía satírico-descriutiva que eiquí copio con licencia do seu autor o insine poeta gallego Curros Enríquez, púxolle música o notabre maestro, honra de Galicia, D. Xusé Castro Chané, é foi cantanda hoxe pol-a primeira vez.)

— —

«San Benito de Coba de Lobo
ten n'o cume un penedo furado,
de tan rara virtude ortopédeca
que é o asombro do mundo cristiano

Cando nace un miniño tolleito
seus parentes oferceno ó santo

é mitido n-un queipo de vimio
alá o levan á festa en chegando.

Y-aos dous lados d'a boca d'a pena
que lle colle d'un lado a outro lado,
dín á nay y-a madriña d'o renco
pol-a gorxa de pedra pasando-o

Ten conta, santiño,
do meu tangaraño:
doente ch'o deixo
devolvemo sano.

Y-ésto dito tres veces arreo
sin refolgo tomar nin descanso,
ó coitado d'o entangarañido
queda xa desentangarañado.

San Benito de Coba de Lobo
San Benito querido meu santo,
tamen eu, probe vella achacosa
que xa tiven de fillos un fato,

Xorobados do corpo ou da y-alma,
d'a concencia ou d' os membros baldados,
tamen eu vin buscar mediciña
pr'os meus nenos n'o voso santuario.

E despois de deixarvos n'as aras
seis perniles de porco cebado,
eu tamen, eu tamen de fé chea
repitin aquel místico ensalmo.

Señor San Benito,
meus fillos che trayo;
doentel-os deixo,
volvédemos sanos.

Por tres veces chorosa rogueivolo
todas tres sin me dar resultado,
y os meus nenos entangarañidos
morren todos entangarañados.»

M. Curros Enriquez.

FALADO

Pol-as festiñas d'a terra
¡meu Dios, que saudades teño!
Tan cheas d'encantos todas;
¡ay, quén s'esquence d'aquelo!
Xa de véspera ó folión
ê de todol-o contento,
y-antre á música, y-á gaita
y-os fogos y-ó bailoteio
y-ás rosquillas, é o bo viño,
y-algun que outro arrechego
entre mociñas é mozos,
pasase á noite n'un credo.
Pol-a mañan á ouvir misa,
(duas ou tres pol-o menos)
dempoixas â porcesion
y-en de s'esta recollendo
á buscar unha sombriña
mesmo veira do rigueiro,
y-á sacal-as empanadas
deixando valeiro ó queipo
dos lacós, polos, e cousas
de que â festa chegou cheo:
é á xantar, é...¡viv'ô santo!
Dempois van chegando os cegos
pidindo é tocando á viola
copras cantando ôs romeiros.
Logo entre mozas é mozos
tamén comenzan-os versos,
y-alí ê de ver antre todos
quén demostra mais inxenio.
Dempois á dormil-a xesta
alí sobr'o campo mesmo
hastra que pol-a tardiña
vai tod'ô mundo ô turreiro,
é veña beilar sin trégolas.
—«Ei, Manica, dalle xeito!
—¡Move ben-os pês, Fuquiño,
que hastra o compás vas perdendo.»—
¡Qué de cousas non se dicen!
¡qué de alegría é contento!
—«¡A ver,—dice unha rapaza—
á ver, que toque o gaiteiro.

—¿E qué quéres que che toque
prendiña, di o teu deseio,
qu'eu con tal de compracerte
o que queiras tocareicho.
—Xa sei que ês bo tocador
é que pra todo tés xeito,
asi, pois, o que me toques
eu heiche d'agradecelo.»—
Sigue á troula, mais de súbeto
armase un cisco d'os demos,
á xente fuxe espantada,
por todos lados dan berros;
—«¡Que viva San Payo!—¡Morra!
—¡Ei, que viva Pai Cordeiro!
—¡Arriba os de Curbillón!»
Zoan no aire os fungueiros
é armase unha de paus
que trema alí ó menisterio;
duas ou tres cholas quebradas
dous ou tres *valentes* presos
y-eiquí paz é dempois groria;
¡si é unha delicia aquelo!

Enton era, n-as festas aquelas
cando mozo, tocando eu á gaita,
cubizosas ollábanme as mozas
é d'envexa os rapaces toupaban;
ali era o gaiteiro
o rey d'a trullada,
que anque âs festas mil músecas leven
â gaitiña o logar non lle sacan,
y-en chamando á beilar ô turreiro
os gallegos prefiren á gaita
y-ê que á gaita gallega, siñores
¡ten alma!..... ¡ten alma!
E si non, escoitade é veredes
si á razon n'o que digo me falla.

Iba un día por un carreiriño,
vel-a nena á quén eu cortexaba,
é iba, coma sempre,
tocando n'a gaita,

cando á carón vexo,
(causandome gracia)
que á seu son unha moza y-ón mozo,
que n'o día antirior se casaran,
n'o carreiro, ô volver do traballo
á muiñeira gozosos beilaban.
D'inmensa alegría
seus ollos brilaban,
pasei por ond'éles,
á dándome as gracias
dixeron surrindo;
—«¡que alegre ê á gaita!»
Mais adiante topei un velliño
á quén facia dias que ardéralle á casa,
é d'impostos, consumos, é lérias,
o infelís non podendo co-a carga
os seus bens embargoulle á xusticia,
y-ó probiño n'a rua quedára.
E cando d'il rente
tocando eu pasaba
d'os seus tristes ollos
caianll'as bágoas,
é dixo chorando:
—«¡que triste ê á gaita!

———

Que pensar me deron
do véllo as palabras,
pois á gaita seguin eu tocando
é pra min sempre alegre sonaba.
O sair do punteiro duas notas
parescian talmente á risada
d'a mociña á quén iba buscando
é levaba tan dentro da y-alma;
garular de paxaros alegres
soilo semellaba,
y-eu rinme d'o vello, é dixen contente,
—¡qué alegre ê á gaita!
Mais cand'o infertunio
m'entrou pol'a casa
é do lar á cruel morte rouboume
para sempre á naiciña adourada;
cando aquela mociña garrida
á quén eu entregáralle á y-alma,

é por quen sospiraba decote,
co'a mais negra treicion me pagaba,
cando o frio d'as negras soedades
meu peito xelaban,
foi ó dia que soupen o triste
que sonaba á gaita;
enton á gaitiña que rira cumigo,
cumigo choraba.
Non eran xa trinos, risadas non eran,
non eran xa notas, xa soilo eran bágoas
as que do punteiro
tristes se escapaban.
¡Gaitiña querida,
gaitiña adourada,
tí ris c'os alegres é choras c'os tristes
¡tes alma! tes alma!
E si hay un gallego
que lonxe d'a patria,
ô ouvir os dociños
sonidos d'a gaita
non sinte que o peito
lle rói á nostalgia,
si ô ouvila non queiman
seus ollos as bágoas,
nin ten sentimentos,
nin sangue, nin alma,
nin ise ê gallego,
¡nin rayo que ó parta!

Maís, agora que recordo,
co'a parola entusiasmado,
esquecia o prencipal
d'o que teño que contarvos
é iba marchar sin decil-o:
Pois bén, siñores, ê o caso
que com'eiquí non podemos
facel-a festa n-o campo
á estilo da nosa terra,
teñen ehí preparado
algo así, coma un refrexo
(pouco, sí, mais... ¡algo ê algo!)
d'aquelas nosas costumes
que teñen tan dolce encanto.

Van á cantal-a «Foliada»,
ise coro condanado
qu'eu non sei que tén que faí
fervel-a sangue ô escoital-o;
¡ê tan enxebre! ¡tan típico!
Pro, eiqui o millor do caso
ê que, ademais do «Orfeón»,
tamen cantan vintecatro
rapaciñas feiticeiras
qu'eu creío que lle roubaron
âs frores á bonitura
y-ô garulár ôs paxaros.
Quedaban, cando eu saía,
ehi detras, n-o escenario,
é hay algunhas señoritas
que teñen, non despreciando,
unhos ollos... é unhos beizos...
si eu fora mozo... ¡eí, carafio!
ô verme antre tanta xoya
non sei o que... ¡acouga, Marcos!
Vaya, voume, que os rapaces
han-me d-estar esperando.
¡Ah!... Vostedes desimulen
si ê que os cansei... ¡Por encuanto!

(Saúda e vaise. Deseguida érguese o pano e aparecen-as señoritas e maíl o «Orfeón Ecos de Galicia» díspostos xa pra cantar. Entra ó gaiteiro.)

Eiqui estou ¡viva á troula, mociños!
¡ei, música, veña!;
achegaivos pr'acá é facer corro
que anqu'eu vello sexa,
son enxebre gallego hastr'ô raño
é hoxe quero bailal-a muiñeira.
¿Quén baila cumigo?
Ven ti, miña prenda,
¡ei, rapaces, que viva Galicia!
¡¡viv'a nosa terra!!

(Canta ô coro e Finda.)